

APROBADO NO CLAUSTRO DO 20-12-07

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO CAMPUS

TÍTULO PRELIMINAR

Art. 1.

1. O Consello do Campus de Ourense rexerá o seu funcionamento interno dentro do marco sinalado pola LOU, os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente regulamento.
2. A normativa estatal básica sobre o procedemento administrativo común en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos os aspectos non previstos nos Estatutos da Universidade de Vigo nin neste regulamento.

Art. 2. O funcionamento do Consello estará ordenado polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías.

Art. 3. O Consello, vinculado á realidade cultural, social e económica do seu contorno, atenderá os intereses da comunidade universitaria do Campus Universitario de Ourense, e potenciará as relacións con outros sectores e institucións representativas da sociedade.

Art. 4. O Consello promoverá o uso do galego e empregará preferentemente a lingua galega en todas as manifestacións oficiais.

TÍTULO I. DO CONSELLO DO CAMPUS

Art. 5. O Consello do Campus é o órgano colexiado de representación e de coordinación do Campus.

Art. 6. O Consello do Campus ten a seguinte composición:

- a) O presidente, que será o reitor da Universidade.
- b) Un vicerreitor.
- c) Todos os decanos ou directores dos centros do Campus.
- d) Cinco profesores, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e Campus, dos que polo menos un non sexa funcionario. Garantirase que haxa polo menos un representante de cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa candidatos.
- e) Cinco estudantes, elixidos por e entre os claustrais do mesmo sector e Campus, entre os que haberá polo menos un por cada ámbito científico presente no Campus, no caso de que haxa candidatos.
- f) Os dous membros do persoal de administración e servizos do Campus máis votados nas eleccións ao Claustro no Campus correspondente.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DO CAMPUS DE OURENSE

O secretario será nomeado polo presidente de entre os membros do Consello con dedicación a tempo completo.

Art. 7.

1. Todos os membros electos do Consello do Campus, bardante o presidente, serán elixidos polo período de duración da súa representación como membros do Claustro da Universidade de Vigo.

2. Perderase a condición de membro do Consello do Campus por finalización legal do período para o que foi elixido, por dimisión, por perda da condición de elixibilidade ou por causa legal sobrevida. A condición de elixibilidade entenderase en todo caso ligada á pertenza ao sector polo que foi elixido o membro do Consello do Campus. Cando o membro cesante non o sexa pola súa condición de decano ou director dun dos centros do Campus, será substituído polo seguinte máis votado; de non haberen posibles substitutos, convocaranse eleccións nun prazo de sete días para cubrir esa vacante.

O membro do Consello do Campus que estea en situación de comisión de servizos, servizos especiais, excedencias por coidado de familiares e permisos ou licenzas, será substituído temporalmente polo primeiro suplente unha vez transcorrido un ano nesa situación. Recuperará a condición de membro do Consello do Campus no momento da súa reincorporación, perdendo a devandita condición o seu substituto.

Art. 8. Son funcións do Consello do Campus:

- a) Proposición ao órgano competente de implantación de novas titulacións no seu ámbito territorial.
- b) Promoción da consecución de edificios e terreos para desenvolver o labor docente e investigador.
- c) Promoción da descentralización dos servizos.
- d) Participación na elaboración das políticas académicas específicas do Campus.
- e) Atención á creación e correcto funcionamento dos servizos xerais do Campus, así como a verificación da calidade dos servizos que sexan competencia doutras institucións públicas.
- f) Fomento das relacións institucionais con organismos locais e provinciais, así como da proxección da Universidade no seu contorno.
- g) Todas as competencias que lle sexan delegadas polo Consello de Goberno.
- h) Nomeamento das comisións que considere convenientes para exercer mellor as súas funcións.
- i) Todas as demais competencias que estes estatutos e os regulamentos desta Universidade lle confiran.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DO CAMPUS DE OURENSE

Art. 9.

1. O Consello do Campus poderase reunir con carácter ordinario ou extraordinario.
2. O Consello do Campus reunirase durante o período lectivo polo menos unha vez ao trimestre con carácter ordinario, e con carácter extraordinario por iniciativa do:
 - a) Presidente ou vicerreitor correspondente mediante delegación.
 - b) O 25 % dos membros do Consello, cando o soliciten.
3. A instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria do Consello do Campus dirixirase por escrito ao presidente, coas sinaturas correspondentes e coa proposta dunha orde do día determinado. O presidente está obrigado a convocar o Consello para unha data non posterior aos 10 días hábiles contados dende a entrada da solicitude no Rexistro do Campus.

Art. 10

1. Na convocatoria do Consello do Campus deberá constar a orde do día, a data, a hora e o lugar da reunión. A convocatoria deberá ser entregada, polo menos, con 72 horas de antelación, agás no caso de convocatoria extraordinaria, que será de 48 horas. Achegarase á convocatoria a copia da acta ou actas das sesións anteriores, pendentes de aprobación.
2. Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros mediante unha notificación entregada no lugar onde cada quen desenvolva o seu traballo, e, no caso do alumnado, nos locais asignados para os seus representantes nos distintos centros e durante os períodos que non haxa docencia nos seus domicilios particulares por correo postal certificado.
3. Na orde do día das convocatorias ordinarias do Consello do Campus figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior e das sesións extraordinarias celebradas, o informe do presidente e os rogos e preguntas.
4. O presidente elaborará a orde do día de cada sesión. Incluirá na orde do día da seguinte reunión do Consello calquera asunto do que a súa inclusión sexa solicitada por escrito por, polo menos, o 10 % dos seus membros. Na solicitude deberase incluír a relación de asuntos que se tratarán e deberán ser o suficientemente explícitos e claros para que se coñeza exactamente o seu contido.

Art. 11.

1. O secretario redactará unha acta de todas as sesións. No caso de que non puidese asistir, o presidente designará á persoa que faga as súas veces.
2. Na acta deberanse incluír os textos literais dos acordos e un resumo dos debates coas diferentes posicións, así como calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente, desexen que figure expresamente.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DO CAMPUS DE OURENSE

3. Cada acta será asinada polo secretario, ou quen faga as súas veces, co visto e prace do presidente da sesión que se reflicte.
4. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria do Consello do Campus, e incorporarán as modificacións que resulten aprobadas.

Art. 12

1. No Consello do Campus levarase un libro de actas en que se transcribirán os acordos e debates habidos en cada sesión, unha vez aprobados.
2. O libro de actas estará baixo a custodia do Secretario do Consello, que permitirá que calquera membro do Consello o consulte. Así mesmo, custodiará a documentación chegada ao Consello, e informará desta aos seus membros.
3. Só darán fe dos acordos e recomendacións do Consello as certificacións expedidas polo secretario.
4. As certificacións poderanse expedir:
 - a) De oficio, por requirimento de órganos das administracións públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia dos membros do Consello do Campus.
 - c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos, o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

Art. 13.

1. O Consello do Campus entenderase constituído en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto.
2. De non acadar esta asistencia, transcorrida media hora, constituirase en segunda convocatoria, no caso de contar coa presenza da terceira parte dos seus membros.
3. Transcorrido un cuarto de hora, de non acadar o quórum preciso para a segunda convocatoria, procederase a convocala para outro día.

Art. 14.

1. O Consello do Campus será presidido polo reitor ou polo vicerreitor ou en que delegue, asistido polo secretario.
2. O presidente dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates. Fixará, se o considera preciso, un tempo de debate para cada tema, e en función do pedimento de intervención, determinarase a duración de cada intervención.
3. No caso de que a maioría simple dos membros do Consello considerasen que un tema non queda suficientemente debatido, poderá solicitar á Presidencia un novo prazo de debate, que se desenvolverá de acordo co establecido no punto anterior.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DO CAMPUS DE OURENSE

Art. 15.

1. Os acordos do Consello do Campus adoptaranse por asentimento, ou en votación por maioría simple dos asistentes.
2. Non se poderán adoptar acordos se no momento da votación non estivesen presentes polo menos un terzo dos membros do Consello.
3. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría, realizarase unha segunda votación entre as dúas máis votadas.
4. Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.
5. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Art. 16. As votacións efectuaranse polo sistema de man ergueita, e serán secretas cando o solicite un membro do Consello ou afecte a persoas concretas.

Art. 17.

1. As sesións do Consello do Campus serán públicas. Calquera membro da comunidade universitaria poderá solicitar asistir a elas sen voz e sen voto, de acordo co aforamento do local.
2. Poderán invitarse ás sesións do Consello do Campus, con voz pero sen voto, todos os membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados por estes.
3. Poderán asistir ás sesións do Consello as persoas invitadas, tras a proposta do presidente ou do Consello, para informar sobre algún punto da orde do día, con voz e sen voto.

TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS

Art. 18. O Consello do Campus poderá crear comisións delegadas para estudar os temas que lle encargue o Consello, informado o mesmo dos seus traballos e resolucións.

Art. 19. A composición das comisións, e o seu funcionamento, serán establecidos polo pleno.

TÍTULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Art. 20. A iniciativa para a reforma deste regulamento pode ser adoptada polo presidente ou mediante a proposta asinada por un cuarto dos membros do Consello.

Art. 21. As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente artelladas e motivadas, e serán debatidas, á súa conveniencia, polo Pleno en sesión extraordinaria. No caso de considerarse axeitadas, abrirase un prazo de presentación de emendas e alegacións. A reforma do Regulamento requirirá a aprobación por maioría absoluta do Consello do Campus.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONSELLO DO CAMPUS DE OURENSE

Art. 22. De non resultar aprobada a proposta de reforma considerarase rexeitada e non se poderá propoñer unha idéntica reforma ata transcorrido o prazo dun ano.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación.